



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVI0CH	<i>Expediente</i> CON/2/2011	

Sello

000267

ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión conxunta dos servizos de ordenación, regulación e aparcamento de vehículos na vía pública (ORA) e a retirada, traslado e depósito de vehículos (GRUA) en Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: O concesionario satisfará ó Concello un canon anual fixo, como mínimo de 15 euros/ano por cada praza de aparcamento e un canon variable resultado de aplicar á diferenza líquida de recadación a porcentaxe ofertada polo adxudicatario (mínimo 50 %).

LUGAR, DATA E HORA: Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 22 de decembro de 2011, ás 9 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Albino Vázquez Aldrey.

Vocales: D^a. Juan de la Fuente, representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.
D^a. Inmaculada Viña Carregal, Interventora Municipal.
D. Francisco J. Castiñeira, Director da Asesoría Xurídica.

Secretario: D. Román Otero, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

O técnico redactor analiza e explica tamén brevemente os estudos económicos de viabilidade aportados polas distintas empresas, facéndose constar en acta, a proposta da Sra. Interventora, que a aceptación da oferta da empresa mellor puntuada queda supeditada, como así se recolle dno prego de cláusulas de aplicación, a que o valor económico das melloras non se incorpore en ningún momento da vixencia do contrato ás amortizacións pendentes.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador SETEX APARKI, SA.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa AUSSA, por incorporar no sobre de criterios non avaliados en forma de cifras ou porcentaxes, un estudo económico xustificativo da viabilidade da súa oferta, cando esta documentación, de acordo co prego e coa súa propia condición, debería incluírse no sobre número 3 de criterios avaliados en forma de cifras ou porcentaxes.

SEGUNDO: Trasladar á concelleira delegada de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador SETEX APARKI SA, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un canon anual fixo a aboar ó Concello por cada praza de aparcamento de 55 euros e un canon variable do 80% a aplicar á diferenza líquida de recadación, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o aboamento da fianza, taxas e timbres municipais procedentes e acredite non ter débedas co Concello de Santiago.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA